



## ACTA DA MESA DE NEGOCIACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE VIMIANZO.

### SESIÓN 3/2017

Na Vila de Vimianzo, ás doce horas e cinco minutos do día vinteseis de maio de dous mil dezasete, na sala de sesións da casa do Concello, reúnese a Mesa de Negociación, ó obxecto de levar a cabo a sesión convocada para este día e coa asistencia do Sr. alcalde-presidente D. Manuel Antelo Pazos (quen preside a sesión), e os seguintes membros convocados:

a) En representación do Concello de Vimianzo:

- Don Fernando Mancebo Amigo, concelleiro de Persoal e membro da comisión mixta para a elaboración da RPT.
- Dona RMSM, funcionaria municipal e membro da comisión mixta para a elaboración da RPT.
- ~~Dona MLCP~~, interventora municipal.

b) En representación dos sindicatos máis representativos:

Asisten:

- Don AEE, representante da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- Dona LPF, en calidade de asesora da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- Dona EPF, en calidade de asesora da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- Don EFP, representante de Comisións Obreiras (CC.OO.).

Non asisten:

- O representante da Unión Xeral de Traballadores (UXT).
- O representante da Confederación Intersindical Galega (CIG).

c) En representación dos traballadores:

Asiste:

- Don JRLP, delegado do persoal laboral polo sindicato Comisións Obreiras (CC.OO.).

Non asisten:

- O representante do persoal funcionario, Don JLCD (CSI-F).
- Os delegados do persoal laboral Dona RAM (CSI-F) e Don FRO (CSI-F).

Da fe do acto a secretaria da Corporación D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García.

Declarado aberto o acto pola presidencia, seguidamente pásase a tratar os seguintes asuntos da,

### ORDE DO DÍA

#### **1. Proposta de Relación de Postos de Traballo (RPT) para o Concello de Vimianzo.**

Aberto o acto, a secretaria aclara que as dúas persoas que acompañaron ao Sr. E na primeira reunión asistiron en calidade de asesoras do CSIF, tal como lle aclarou unha delas posteriormente nunha conversa telefónica.



O alcalde explica que o proceso de negociación se está levando a cabo con total transparencia, publicando na web municipal as actas das mesas de negociación (eliminando os datos persoais dos asistentes, aclara). Refírese ao escrito presentado polo CSIF na data de onte no cal se pon en boca do alcalde unhas palabras que considera que foron mal entendidas e se pide acceso ao expediente. Ese acceso, tal como pediran, tivo lugar hoxe antes da reunión e, tal como se lles dixo, a documentación vaisele remitir o antes posible por correo electrónico.

Continúa o alcalde aclarando que non dixo na primeira reunión celebrada o 12 de maio que había traballadores que cobraban moito porque eran amigos do alcalde, nin tampouco que os informes de Intervención dixeran que non se podían pagar eses salarios. O que si dixo é que teñen obriga legal de ter aprobada unha RPT, e que os postos teñen que estar valorados obxectivamente. Pregunta á secretaria se foi eso o que dixo ou se entendiou outra cousa.

A secretaria manifesta que o que dixo o alcalde é o que está recollido na acta.

AE di que o que manifestan no seu escrito, en referencia ás palabras do alcalde, foi tal como din, e de feito xa se demostrará no seu momento.

A secretaria pregunta se hai algún móbil ou dispositivo electrónico gravando (dado que unha das asesoras do CSIF ten unha "tablet" desplegada enriba da mesa).

AE pregunta se debe apagar o teléfono, posto que ninguén lle dixo que tiña que facelo.

O alcalde di que non hai ningún problema, que pode gravar o que queira porque non teñen nada que esconder.

A secretaria explica que nas reunións dos órganos colexiados municipais grávase previo acordo do propio órgano, no caso dos plenos. No resto dos órganos se se grava é previo aviso aos asistentes, cun dispositivo que se conecta aos altosfalantes á vista de todos os presentes. Volve a preguntar aos asistentes se hai algún dispositivo electrónico gravando.

AE volve a preguntar se ten que apagar o móbil, se o ten que facer, que llo digan.

A secretaria reitera a pregunta e dille que a resposta é moi clara: si ou non.

AE pregunta á secretaria se está intentando presionalo.

EFP e JRLP din que eles non están gravando.

A secretaria volve a preguntar ao representante e asesoras do CSIF.

O alcalde intervén aclarando que a dirección da mesa correspóndelle a el, como presidente, e está claro que todos responderon a esa pregunta menos o CSIF. Pasando xa a tratar o asunto que motiva esta reunión, o alcalde lembra o que se comentou na reunión do 22 de maio, na que se plantexaron unha serie de cuestións por parte de CC.OO., e se aclararon outros temas dubidosos, tales como a provisión dos postos de técnico de urbanismo e técnico de cultura en tanto non saian na Oferta de Emprego, xa que as persoas que os desempeñan actualmente poden seguir desempeñándoos, regulando a lei de emprego público de Galicia a provisión interina dun posto de funcionario que se viña prestando por persoal laboral. Explica tamén que se vai acoller a petición do CSIF de non crear unha segunda praza de oficial da Policía local, dado que tamén teñen constancia dunha consulta plantexada á Xunta polo representante do persoal funcionario, na que non vai entrar en detalles. Consideran tamén que o xefe da Policía ten que ter especial dedicación



polo propio contido funcional do posto, e están dispostos a recoñecelo. Outro tema que xurdiu foi a necesidade de modificar a denominación do posto de Auxiliar

Continúa o alcalde repasando as propostas que se plantexaron na anterior reunión polo representante do persoal laboral: recoñecer centro de traballo variable ao técnico de deportes, recoñecer todas ás fins de semana aos de protección civil, recoñecer manexo de maquinaria ao conserxe do castelo... Indica que estas foron as propostas máis destacadas e outras que quedaron sen pechar. Dalle a palabra aos representantes sindicais.

AE pide que interveñan primeiro os de CC.OO.

EFP explica que parece ser que os electricistas sempre teñen o teléfono operativo, polo tanto debería recoñecerselle dispoñibilidade.

O alcalde di que ter o teléfono operativo non significa estar dispoñible e ter que realizar eses servizos. Sinala que son situacións tan puntuais que o seu abono ten que ser a través de produtividade ou gratificacións.

JRLP comenta que agora en base a un decreto do 2008 o que antes se denominaban "técnicos auxiliares de electricidade" agora pasan a chamarse "técnicos de instalacións eléctricas e automáticas". Di que non ten máis cuestións.

A secretaria di que hai que distinguir a titulación que se esixe a un posto da súa denominación, pois non teñen porque ser coincidentes.

AEE quere referirse á convocatoria da mesa do día 22 de maio.

O alcalde pide que traian unhas augas e faise un receso duns minutos.

Continúa AEE dicindo que o art. 34 do EBEP di que a data das mesas debe consensuarse coa maioría sindical, e o día 18 CC.OO. tiña un congreso. Non quere reproducir a conversa co seu compañeiro de CC.OO., por ética, pero afirma que con CC.OO. si se consensuou a data. Di que CSIF tiña unha rolda de prensa prevista con moita antelación e poden demostralo porque hai fotografías.

O alcalde pide intervir para facer unha aclaración: que unha vez que se convoca unha reunión, non lle parecía axeitado cambiar a data. O que adoitan facer cando se trata de órganos municipais e saben que alguén non pode asistir, é celebrar igualmente a reunión, procurando que a esa persoa a substitúa un suplente. Sinala que ben puideron asistir os representantes dos traballadores, de feito consideraron que precisamente por ser Santa Rita un día non laborable na administración local, facía máis xeito asistir. E ademais, o principal motivo para non suspendela foi o feito de que vai haber máis reunións, co cal non pasa nada porque algún sindicato non poida asistir.

EFP aclara que o 18 non puido asistir e cando recibiu a convocatoria non se decatou que o 22 era Santa Rita, non obstante non lle parece a data máis axeitada para celebrar a reunión.

AEE agradece a EFP a súa sinceridade e continúa dicindo que é certo que CSIF pediu unha RPT, pero non así. Tiveron acceso libre ao expediente durante case unha hora antes da reunión, non lles deixaron sacar fotos pero agradece que llo deixaran ver. Sinala que hai informes da Intervención á nómina e ao orzamento e non discrepan deses informes. Viron correos aos traballadores, indicando que deben presentar as fichas, pero non sabe se todos o entregaron.



Tampouco conseguiron ver unha táboa coas porcentaxes dos factores que se tiveron en conta na valoración do específico. Tampouco atoparon causas económicas ou doutra natureza para facer a RPT desá maneira. No informe de Carlos Amoedo non aparece lexislación respecto dos criterios de valoración. Considera que deberían graduarse os criterios, atribuíndo unha puntuación a cada un dos postos. Non discrepa da contía, que pode estar ben, senón de que non haxa unha puntuación.

O alcalde di que non vai atopar ese informe porque o método de valoración escollido pola comisión foi ese método e agora non se vai cuestionar ese e elixir outro.

AEE entende que ambos están dicindo o mesmo, e afirma que non pon en dúbida o método, pero necesita coñecer que factores valoraron en cada posto.

O alcalde comínalo a que continúe coa súa intervención.

AEE di que faltan fichas, pois non viu a do arquitecto. En concreto, comenta a ficha do TAX e pregunta cal é a xustificación da baixada do específico. Pregunta que funcións das que ven facendo xa non vai facer. Di que hai funcións que son innatas, por así dicilo, da propia praza, e esas non se lle poden quitar.

O alcalde sinala que, curiosamente, durante moitos anos as prazas de Secretaría e Intervención tiñan un específico de uns tres mil euros, co único obxectivo de que non se cubriaran. Non sabe se o señor AEE pretende que collamos os salarios actuais e ninguén perda.

AEE volve a dicir que non atopa no documento os criterios que determinan o específico que se lle pon ao TAX.

O alcalde aclara unha cuestión: partimos dunha situación de ausencia de valoración dos postos, non estamos modificando unha RPT, senón facendo unha por vez primeira. Agora a xente sabe porque ten as retribucións propostas, e antes as retribucións dependían da vontade exclusiva do alcalde. Afirma que incluso houbo subidas de específico sen ningún tipo de xustificación, e sabe que eso é nulo. O obxectivo era que a inmensa maioría dos traballadores saíran beneficiados, pero con racionalidade. Invita a AEE a ir analizando posto por posto, e di que ao TAX se lle recoñece un complemento de substitución de FHN. Se cadra non deberían recoñecerllo, pero dado que é A1 o alcalde considera que debe substituír aos FHN da súa área.

AEE pregunta polo técnico de xestión da área xurídica, quere saber o porque dese incremento global, porque no documento non se explica. Volve a solicitar que haxa unha graduación dos factores.

A interventora di que esta RPT prevé unha contía fixa para cada un dos factores de valoración, pero non se contempla unha graduación dentro de cada un dos conceptos, como fan outras RPT's, como por exemplo a da Coruña que, non en todos, pero si nalgúns conceptos, establece graduación.

EFP di que CC.OO. só propón que se gradúe o complemento de atención ao público.

AEE considera que deben graduarse todos os complementos.



O alcalde pregunta se debe graduarse o factor perigosidade, que só se lle recoñece á Policía local dentro do persoal funcionario, ou tamén debe graduarse a dispoñibilidade e recoñecerllo a máis postos.

AEE di que non vai entrar en responder pregunta a pregunta. Considera que ten que haber unha graduación de todos os factores.

O alcalde considera que agora é o momento de dicir que factores deben recoñecerse a cada posto e cales se deben graduar.

AEE di que, sendo así, non pode facer alegacións porque non sabe o que se valora.

O alcalde repite que o método elixido non se cuestiona, outra cousa é que AEE lle diga que contías non lle parecen correctas. Reitera a súa intención que seguir co bo tono nesta negociación. Explica que hai unha canle de comunicación cos traballadores e incluso algún afiliado de CSIF lle plantexou directamente as súas peticións.

AEE advírtelle que teña coidado co que di, e pide que conste en acta.

O alcalde aclara que non o está deslexitimando, de feito considera que os sindicatos teñen unha lexitimidade enorme, pero non é quen de entender as súas propostas e obviamente non pode facerse unha RPT que supoña unha subida xeneralizada de retribucións, máis que nada porque é previsible que se atopen cun informe desfavorable da Intervención. Por exemplo, se o TAX mantén o específico actual e non cuestionamos de onde sae esa contía, tal como plantexa AEE, entón tanto Secretaría como Intervención subirían moito o seu específico, pois non é discutible que ambos postos están na cúspide da pirámide funcional. Esta RPT, que el mesmo se encargou de facer números, suporía un incremento duns 400.000 euros respecto ao custe da RPT proposta. O documento proposto supón unha mellora para moitos postos e a xente sabe porque cobra esas retribucións, cousa que agora non acontece. Pide que continúe a negociación para tratar de chegar a un acordo.

AEE di que van facer alegacións a este documento. Afirma que a RPT elaborouna unha comisión na que non participaron os representantes dos traballadores. O alcalde dixo na primeira reunión que o único lexitimado para facer unha proposta era el.

O alcalde manifesta que decidiron que a proposta de RPT a elaborara unha comisión mixta na que están representados goberno e funcionarios, co asesoramento da Universidade da Coruña, porque así llo permite a lei.

AEE pide que conste en acta o que acaba de dicir.

O alcalde lamenta que os representantes dos traballadores polo sindicato CSIF non asistiran a ningunha mesa de negociación. Considera que AEE non pode dicirlle que non entende de onde sae cada criterio porque iso enténdeo calquera persoa que saiba ler. Aplicando estes criterios obxectivos, as retribucións resultantes son semellantes ás do persoal da Xunta. Pode dicirlle que os funcionarios cobran menos que os da Xunta, pero non pode pretender manter as retribucións actuais dos postos, que nunca foron valorados, estase facendo agora por vez primeira. Empraza aos sindicatos a unha cuarta reunión para ver os datos definitivos. Advirte que non se faga un mal uso dos datos que coñecen.



AEE pide que lle deixe rebatir e manifesta que el non fai un mal uso dos datos aos que tiveron acceso.

O alcalde di que non dubida do seu sixilo, e pídelle que tampouco dubide das súas palabras cando lle dixo que afiliados seus, que se cadra xa non o son, falaron con el. Repite que nesta proposta que trouxeron á mesa, os postos están valorados con criterios obxectivos, e como resultado moitos postos suben e outros baixan. Remata pedindo desculpas polo cambio de data da segunda reunión e di que lle encantaría que CSIF plantexara as súas propostas e puideran chegar a un acordo.


Estando de acordo o resto dos asistentes, prevese que a vindeira reunión sexa o venres 2 de xuño ás doce horas.

Sendo as trece horas e vinteseite minutos da data referida dáse por rematada a comisión, do que dou fe.

A secretaria



María Cristina Varela García



Visto e ratado  
o presidente

Manuel Antelo Pazos